

INTRODUCCIÓN Á PERSPECTIVA DE XÉNERO NA INFANCIA

Ferramenta de intervención de xogo dramático para abrir debate sobre os estereotipos e a igualdade de xénero dende os 6 anos.

Guía a actividade: Xoana Baz
Actriz | Mediadora Teatral | Especialidade en Xénero
Apaixonada polo teatro e a arte como ferramentas para o cambio social.
Especializada en teatro aplicado pola Universidade Católica de Chile e estudos de xénero na Universidade de Chile. Facilitadora de obradoiros inclusivos que promoven o benestar social e a igualdade de xénero. Presidenta da ONG Escola de Empoderamento Amanda Labarca ata o ano 2024, comprometida co empoderamento comunitario a través da arte e a educación.

O **teatro aplicado** abrangue prácticas teatrais que abordan cuestións sociais, educativas ou comunitarias. Non é un xénero nin un estilo, senón unha ferramenta de aprendizaxe, empoderamento, diálogo e transformación. Pode desenvolverse en escolas, prisións, hospitais, campos de refuxiados ou espazos públicos, con diversos propósitos: crear conciencia, explorar valores, desenvolver habilidades, xerar cambios ou celebrar a diversidade.

¿Que é xogos e contos pola igualdade?

Presentamos unha proposta de intervención artística e educativa a través do **teatro aplicado**, pensada e adaptada para nenas e nenos de 5 a 10 anos. A proposta combina **xogo dramático**, **contacontos** e **dinámicas expresivas** para introducir, dun xeito emocional, respectuoso e lúdico, a reflexión sobre os **roles de xénero** e a igualdade.

¿Por que é importante?

As crianzas fórmanse nun mundo diverso e cambiante, onde moitas veces os estereotipos de xénero limitan a súa expresión e comprensión da identidade. Esta proposta nace para apoiar a creación de **espazos seguros e empáticos**, nos que se poida falar con naturalidade e respecto sobre estas realidades.

Obxectivos principais

- Fomentar a comprensión e respecto pola diversidade de xénero.
- Desmontar estereotipos e roles impostos.
- Crear espazos de diálogo afectivo e libre de xuízos.
- Reforzar habilidades socioemocionais como a empatía, a escoita e a expresión emocional.

Para quen está pensada?

Esta proposta é especialmente recomendable para:

- Nenas e nenos de 6 a 11 anos.

Impacto esperado

As crianzas sairán da experiencia máis libres, empoderadas e conscientes de que todas as identidades son válidas. Como comunidade, poderemos conversar sobre os estereotipos de xénero e reforzar a liberdade de elección e expresión.

¿Como se desenvolve?

A proposta ten unha duración de 1hora 30 minutos, donde faremos unha primeira intervención lúdica, con exercicios de pedagoxía teatral, que nos permitirán explorar e dialogar sobre os prexuicios e estereotipos de xénero e a igualdade.
A actividade péchase con 30 minutos de conta-contos donde narraremos unha selección de contos, que traten temáticas relacionadas con identidade de xénero, igualdade e liberdade de expresión.

ORZAMENTO E CRONOLOXÍA

Unha sesión de 1 hora e 30 minutos con xogos teatrais e contacontos..

Total honorarios por horas pedagóxicas e de deseño; materiais, traslados (provincia de Pontevedra) e impostos incluidos 200€

Contacto: xoanabaz@gmail.com / 622730749